

24 HORAS EN GALEGO
30 de novembro de 2006**Nome: María Loureiro****RELATA A TÚA EXPERIENCIA**

Volver falar 24 horas en galego axudoume a orientar os meus pasos na nova situación na que me atopei hai uns meses cando o meu mundo cambiou por completo ó ingresar na universidade e polo tanto, pasar de vivir na vila natal a facelo soa na capital galega. Todo isto supuxo un forte cambio ó que tentei adaptarme o máis axiña posible, pero o que máis me sorprendeu foi o feito de que a xente coa que me atopei aquí se comunicara en castelán, unha lingua diferente da que a min me resultaba propia.

Quizáis, foi o feito de querer integrarme na nova sociedade o que me conduciu a vivir unha vida en castelán que me converteu en algo que non son: unha actriz que interpreta a unha persoa que difire da propia. Pois dende ben pequena sempre pensei que o que fai ós pobos diferentes e únicos é a lingua. Se renegamos da nosa lingua, tamén o estamos facendo de nós mesmos, xa que o galego é unha parte de nós que non podemos borrar nin suplantar.

O día 30 de novembro, ó reatoparme co galego na miña recente nova vida, decateime de que a lingua non é só un sistema de expresión do pensamento e de comunicación común a un grupo social, senón que é moito máis. O galego é o alicerce da nosa cultura, é a morriña da terra, o fogar, a lembranza da xente que queres, a historia, o motivo que defenderon galegos ilustres, o berro da cultura, a ledicia de ser quen es, o mar embravecido e mesmo a choiva.

Teño que confesar que, nun principio, pensei que me ía atopar estraña ó falar en galego nos lugares onde adoitaba facelo en castelán, pero recoñezo que a experiencia foi inesquecible (sobre todo ó ver a sorpresa e as caras que poñían as persoas coas que non falo galego) e que ó pronunciar cada palabra me decatei de que o galego é o sentimento de todos aqueles que o empregan na fala cada día. E a partir de hoxe, eu quero ser un deles.